



BANDO INFORMATIVO

SOLICITUDE DE TARXETA BENVIDA PARA AS FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS NADOS NO 2021

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE do Concello de Oroso

INFORMA: da apertura do prazo de solicitude da axuda económica a través da Tarxeta Benvida, para as familias con fillos e fillas nados ou adoptados no ano 2021.

TIPO DE AXUDA: axuda económica, a través da Tarxeta Benvida, para familias que no ano 2021 teñan un/unha fillo/filla, adopten ou sexan declaradas en situación de garda con fins adoptivos, e para familias que tiveran ou non a axuda nos anos 2019 e 2020, experimentaran unha variación á baixa na renda da unidade familiar que implique dereito á axuda.

CONTÍA DA AXUDA: con carácter xeral, a contía da axuda é de 1.200 € por fillo ou filla durante un ano a razón de 100 €/mes. No caso de que fillo/a que da dereito á axuda sexa o terceiro/a ou sucesivo/a da unidade familiar, a contía será de 2.400 € a razón de 200 €/mes.

A axuda farase efectiva a través da Tarxeta Benvida, que só poderá ser usada en farmacias, parafarmacias, óticas, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos para a infancia.

PERSOAS BENEFICIARIAS: residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a) Fillos/as nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.
- b) Ter constituída a adopción ou ser declarado en situación de garda con fins adoptivos de un ou mais nenos/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.

REQUISITOS NECESARIOS:

- a) Que a persoa proxenitora solicitante teña residencia habitual en Galicia, considerárase cumprido o requisito co empadramento efectivo nun concello de Galicia.
- b) Que a renda da unidade familiar non supere os 45.000 €. No suposto de que esta contía fose superior, a renda per cápita non superará os 13.500 €.
- c) Que a renda da unidade familiar non supere os 22.000 € no caso do segundo ano de vida e ata que o/a neno/a cumpra os 3 anos ou se cumpran dende o ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos.
- d) Que a persoa proxenitora solicitante teña residencia habitual nun concello con poboación inferior a 5.000 habitantes, para que a axuda se incremente nun 25 %.
- e) As persoas galegas emigrantes deberán ter retornado a Galicia no 2021 e estar en posesión da nacionalidade española antes do dito retorno.
- f) Que a unidade familiar estea en situación de especial vulnerabilidade tecnicamente valorada polo sistema público de Servizos Sociais e ter recursos do sistema público de protección social pendente de resolución para ter dereito a percibir a axuda un ano máis.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: ata o 31 de marzo de 2022.

MAIS INFORMACIÓN: Departamento de Servizos Sociais do Concello, rúa do Deporte 5-7 baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981 688 950. (DOG nº 11, do 19 de xaneiro de 2021)

Oroso, 29 de xaneiro de 2021.

Manuel Mirás Franqueira.